

MANIFESTO DO REAL FANTASY

I

O Real Fantasy é un xogo multixogador online, de código aberto, publicado con licencia GPL (General Public Licence). É un proxecto colectivo, non propietario e sen ánimo de lucro, baseado no software libre. Un proxecto en continuo desenvolvemento, que nunca acabará de completarse. A nosa capacidade de soñar e fantasear é infinita, e o noso empeño en facer realidade as fantasías non coñece límites. Arte e tecnoloxía ao servizo da fantasía. Buscamos: debuxantes, músicos, programadores, escritores, soñadores, xogadores....

II

A vida é o maior xogo posible. Na vida, coma nos xogos, hai que escoller constantemente entre diferentes opción. No Real Fantasy, grazas á tecnoloxía Logos 2.0, estas opción son procesadas nun entorno interactivo e intelixente, o cal mediante aventuras virtuais repletas de pantallas e puzzles, axuda a resolver problemas, estreitando a separación entre o real e o fantástico.

III

A competitividade hostil, o individualismo e o egoísmo fixeran dos nosos soños un segredo privado que non podíamos –nin tiña sentido- compartir. Os soños fóra do mercado de consumo están en extinción. Queren que esquezamos que a vida é un soño e que deixemos de soñar con cosas que non se poden mercar. Grazas á Internet e a súa esencia de organismo rizomático de redes e conexión infinitas, a intelixencia colectiva e o desexo múltiple das cibermultitudes anónimas está derrotando á soidade resignada, á rutina esclavizante, ao medo do imposible: estamos reaprendendo a soñar, a soñar expertos e conectados á Rede. A cooperación, o apoio mutuo e o traballo colectivo polo procomún na era 2.0, tamén revoluciona as condicións do soño e a fantasía. Xamais soño e realidade estiveron tan preto como agora. E o Real Fantasy sitúase xusto na fronteira onde todo é posible.

IV

Non temos medo a nada. Temos moi claro que vivimos aquí para xogar. A vida é un xogo no que só hai unha partida onde a única maneira de perder é non xogar. O proxecto Real Fantasy aposta, máis que porque xogar sexa unha actividade cotidiana, porque sexa unha actitude de vida. Non hai fracaso posible.

V

A capacidade de aprender dos nenos é alucinante, os nenos aprenden xogando. A medida que pasan os anos, comezamos a traballar e convertímonos socialmente en “adultos”, os xogos van saíndo das nosas vidas e quedan reducidos a “ cousas de nenos”. Xogar é unha fonte infinita de aprendizaxes, diversión, praceres, experiencias e emocións de todo tipo. Non por medrar –facernos máis altos e máis anchos, que nos saia barriga, barba, engurras ou cabelos brancos-, nin por novas necesidades nin responsabilidades, aceptamos sernos adultos aborrecidos e frustrados que deixen de xogar. O Real Fantasy é un xogo para todas as idades. Xa que a vida é un eterno retorno, un soñar e un espartar continuo, nunca é demasiado tarde para xogar, aprender e gozar.

VI

Fálase dunha Realidade única, fixa, estable, inmodificable no sustantivo. Mais, en realidade, hai moitas realidades diversas en dialéctica e todas son modificables: son dinámicas, cambiantes, moldeables a nosa acción. O mundo físico, chamado “mundo real” polo sentido común dominante, é tan só unha interpretación moi limitada de todos os mundos posibles, dos mundos cuánticos, dos mundos que non perciben os nosos sentidos e que aínda non podemos comprender. A Realidade é unha ideoloxía pseudocientífica conservadora que trata de bloquear cambios e revolucións. Mais agora estamos interconectados en redes libres e xuntos somos invencibles: non hai Realidade que poida con nós.

VII

A fantasía, os soños, a imaxinación e as artes son fundamentais para encher a Realidade fría e baleira de sentido, ilusión e doutras realidades que se abren camino entre as súas gretas. Entre as gretas, a liberdade.

VIII

O Real Fantasy non debe substituír a “vida offline”. É un medio online para subvertir a Realidade, para xogar e vivirmos outras realidades posibles, mais o fin último agóchase máis alá da Rede e os teclados.